



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

**LISTA DE ASISTENTES**

D. Domingo Docampo Amoedo  
D. Salustiano Mato De La Iglesia  
D. Pedro Merino Gómez  
D. Javier de Vicente Remesal  
D. Antón Fernández Álvarez  
D. Juan M. Suárez Creo  
D. José M. Da Rocha Álvarez  
D. Oscar Rubiños López  
D. Julio Taboada Pérez  
D<sup>a</sup>. Margarita Estévez Toranzo  
D<sup>a</sup>. Fátima Árias Novoa  
D<sup>a</sup>. Silvia Bermúdez Pérez  
D. Manuel Ángel Candelas Colodrón  
D. Eusebio Corbacho Rosas  
D<sup>a</sup>. Patricia Corbacho Suso  
D. José Durany Castrillo  
D. Manuel Fernández Gesto  
D. José Manuel García Vázquez  
D. Rubén Garrido Bernárdez  
D. José M<sup>a</sup>. Gil Villanueva  
D. José Luis Legido Soto  
D. Andrés Mazaira Castro  
D. Pedro Membiela Iglesia  
D. Alberto Pena Rodríguez  
D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal  
D. Xoán Xosé Santamaría Conde ( UXT)  
D. Iago Soto Mata  
D. Manuel Varela Lafuente  
D. Federico Vilas Martín

**DESCULPA A ASISTENCIA**

D. Jose Pose Blanco  
D. Patricio Sánchez Bello  
D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo

Acta da sesión ordinaria da Xunta de  
Goberno da Universidade de Vigo, de vinteseite  
de xullo de dous mil un, ás 9:30 horas en primeira  
convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, no  
Paraninfo do Rectorado.

O vernes, **día 27 de xullo de 2001**, ás  
10:00 horas, comezou a sesión ordinaria da  
Xunta de Goberno co obxecto de tratar os  
seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior ( 27-06-2001)
- 2.- Informe do Rector.
- 3.- Asuntos de profesorado: prazas BOE, visitantes, ano sabático, permisos. Adscripción de profesorado a novas áreas de coñecemento.
- 4.- Actualización do acordo da Xunta de Goberno de 20-06-2000 sobre transformación de profesores PP1 en asociados T2-TC.
- 5.- Aprobación, se procede, da proposta de modelo de convenio entre a Universidade e os Centros Adscritos.
- 6.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación do orzamento do I Master de Automoción.
- 7.- Proposta de normativa de equivalencia entre os títulos propios da Universidade de Vigo e os programas de doutoramento.
- 8.- Proposta de novos membros do Instituto de Electrónica Aplicada "Pedro Barrié de la Maza".
- 9.- Aprobación, se procede, do Memorándum de Colaboración " Proyecto de Cooperación EU-Canadá sobre Cuestiones de Regulación de los Recursos Naturales, del Medio Ambiente y de la Energía (CERES).
- 10.- Elección para cubrir as seguintes vacantes en Comisións Delegadas de Xunta de Goberno: Comisión de Ordenación Académica e Validacións ( 1 estudante), Comisión de Estudiantes ( 2 estudantes ) e Comisión de Asuntos Económicos ( 1 PDI).
- 11.- Rogos e preguntas.

**Punto 1.-** Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior ( 27-06-2001)

Aprobación por asentimento.

**Punto 2.-** Informe do Rector.

O Rector informa:

- dos últimos cambios na redacción do anteproxecto da Lei de Universidades, que nos próximos días será remitido ó Parlamento para a súa tramitación.

- das eleccións na CRUE ( O Rector da Universidade de Santiago pasa a ocupar unha vicepresidencia e o Rector da Universidade de Vigo presidirá a Comisión de I+D).

- dos nomes das persoas que actuarán como expertos nas Xuntas de Titulación para elaborar o plano de estudos de Enxeñería de Organización Industrial e Enxeñería en Automática e Electrónica Industrial.

- da recente concesión de complementos por méritos de investigación ( sexenios ) para profesores desta universidade que supoñen un incremento do 33% dos tramos que hai na actualidade.

**Punto 3.-** Asuntos de profesorado: prazas BOE, visitantes, ano sabático, permisos. Adscripción de profesorado a novas áreas de coñecemento.

- prazas BOE-

Neste punto, pide a palabra o profesor Santamaría para manifestar o que consta no anexo I relativo á tramitación da praza de Catedrático de Universidade da área 225 ( Economía Aplicada).

O profesor Varela, Director do Departamento de Economía Aplicada manifesca que o Consello de Departamento foi convocado en tempo e forma e que a praza foi aprobada con tódolos votos a favor e a única abstención do profesor Santamaría.

O profesor Membiela non observa cuestións de tipo académico na intervención do profesor Santamaría e di que a praza non debe retirarse.

Sométese a votación a aprobación desta praza:

A favor 23 votos

En contra 0 votos

Abstencións 2

Apróbase.

O resto das prazas BOE apróbase por asentimento.

Son as seguintes:

T02	535	TIT-UN	VIGO	BERNARDINO NOVO RAMOS
T02	535	TIT-UN	VIGO	Mª ELENA ALBO LÓPEZ
X06	225	CAT-UN	VIGO	---
230	X07	TIT-EU	VIGO	---
230	X07	TIT-EU	VIGO	---
230	X07	CAT-UN	VIGO	---
775	X11	TIT-UN	VIGO	MANUEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ
775	X11	TIT-UN	OURENSE	ALBERTO SACO ÁLVAREZ

- visitantes-

Apróbanse por asentimento:

- Don Daniele Tommasini, coa categoría de TIT-UN, desde 1-10-2001 a 30-09-2002, no departamento de Física Aplicada.
- Don Mª Teresa de Castro Rodríguez, coa categoría de TIT-UN, desde 1-10-2001 a 30-09-2002, no departamento de Física Aplicada.
- Don Ubaldo García Palomares, coa categoría de TIT-UN, desde 1-02-2002 a 30-09-2002, no departamento de Enxeñería Telemática.
- Don David Miras Calvo, coa categoría de PP1, desde 01-10-2001 a 30-09-2002, no departamento de Economía Aplicada.
- Dona María de la Cruz Del Río Rama, coa categoría de TIT-EU, desde 1 de outubro 2001 a 30 de setembro de 2002, no departamento de Organización de Empresas e Marketings

- ano sabático-

Apróbase por asentimento :Dona Yolanda Herranz Pascual

- permisos-

O Vicerrector de Profesorado explica que a profesora Dona Águeda Gómez Suárez solicitou un permiso para realizar unha estancia de investigación na Universidade de Tamaulipas en México.

Esta profesora propón que se lle rebaixe o salario de xeito que permita contratar un profesor que cubra a súa docencia.

Varios membros da Xunta de Goberno opinan que este permiso debería encaixarse dentro da normativa xeral de permisos. Acórdase por asentimento que a concesión do mesmo quede suxeita á devandita normativa.

- Adscripción de profesorado as novas áreas de coñecemento.

Publicada no BOE a división das seguintes áreas de coñecemento:

Ciencias Morfolóxicas: Anatomía e Embrioloxía Humanas

Histoloxía

Bioloxía Animal: Antropoloxía Física

Zooloxía

Bioloxía Vexetal: Botánica

Fisioloxía Vexetal

Xeodinámica: Xeodinámica Externa

Xeodinámica Interna

Física da Terra, Astronomía e Astrofísica: Astronomía e Astrofísica

Física da Terra

é necesario que os profesores correspondentes se ubiquen nas novas áreas. Apróbase por asentimento a proposta que se engade á acta como anexo II. Ós efectos da elaboración do POD do vindeiro curso se traballará coas antigas áreas.

- Antes de pasar ó punto 4 , o Vicerrector de Profesorado solicita da Xunta de Goberno a aprobación por razóns de urxencia (sen tempo a pasar por Comisión de Docencia), da saída ac oncurso dunha praza de asociado P6 en Dereito Civil ( por renuncia dun PP2 ) e de catro prazas de Economía Aplicada ( 3 de titular interino e 1 de visitante), motivadas por catro baixas por maternidade.

Apróbase por asentimento.

**Punto 4.-** Actualización do acordo da Xunta de Goberno de 20-06-2000 sobre transformación de profesores PP1 en asociados T2-TC.

Apróbase por asentimento ( anexo III )

**Punto 5.-** Aprobación, se procede, da proposta de modelo de convenio entre a Universidade e os Centros Adscitos.

O Vicerrector de Organización Académica explica esta proposta de convenio que foi aprobada pola COAV.

Apróbase por asentimento ( anexo IV).

**Punto 6.-** Aprobación, se procede, da proposta de modificación do orzamento do I Master de Automoción.

Apróbase por asentimento ( anexo V ).

**Punto 7.-** Proposta de normativa de equivalencia entre os títulos propios da Universidade de Vigo e os programas de doutoramento.

O Vicerrector de Investigación explica esta proposta, que xa foi revisada pola Comisión de Doutoramento e que recolle e regula dous tipos de equivalencias: as equivalencias directas e as equivalencias por vinculación. Con esta proposta trátase de "socializar" os masters e darlle un valor engadido e un atractivo ós cursos de terceiro ciclo.

O profesor Varela aplaude esta iniciativa. Considera que se trata dunha idea moi interesante que aumentará a calidade do terceiro ciclo e permitirá facer unha mellor oferta nun contexto de "socialización".

Os profesores Candelas, Durany, Roca, Membiela, Legido, R. Berrocal, Corbacho e Santamaría solicitan aclaracións e fan propostas que melloran ou precisan a redacción de varios artigos.

O profesor Candelas pregunta se esta normativa se pode aplicar ós cursos que xa están en marcha ou os cursos xa aprobados pero aínda non iniciados. O Vicerrector de Investigación di que é necesario tomar as medidas oportunas para levar a cabo procesos de validación.

O profesor Durany indica que se debe informar os Departamentos que van iniciar cursos en setembro sobre a posibilidade de acollerse ó novo sistema.

O profesor Corbacho pregunta se se podería aumentar o número de créditos para poder acollerse ó novo sistema.

O profesor R. Berrocal pide que se estudie con detalle toda a posible casuística no sentido expresado nas intervencións anteriores.

Apróbase por asentimento a normativa coas modificacións de redacción indicadas por varios membros da Xunta de Goberno ( anexo VI ).

Acórdase someter a aprobación dunha vindeira Xunta de Goberno unha adenda a esta normativa que recolla os posibles casos de aplicación inmediata, retroactivade, etc.

**Punto 8.-** Proposta de novos membros do Instituto de Electrónica Aplicada "Pedro Barrié de la Maza".

Apróbase + por asentimento a incorporación de Don Gerardo Peláez Lourido, Don Jacinto González Dacosta e Don José Antonio Tarrío González.

**Punto 9.-** Aprobación, se procede, do Memorándum de Colaboración " Proyecto de Cooperación EU-Canadá sobre Cuestiones de Regulación de los Recursos Naturales, del Medio Ambiente y de la Energía (CERES).

Aprobación por asentimento.

**Punto 10.-** Elección para cubrir as seguintes vacantes en Comisións Delegadas de Xunta de Goberno: Comisión de Ordenación Académica e Validacións ( 1 estudante), Comisión de Estudiantes ( 2 estudantes ) e Comisión de Asuntos Económicos ( 1 PDI ).

Non houbo eleccións por presentarse tantos candidatos como postos a cubrir. As vacantes cúbrense como segue:

Comisión de Ordenación Académica e Validacións : Don Rubén Garrido Bernárdez ( estudiante)

Comisión de Estudiantes : Don Iago Soto Mata ( estudiante )

Don Manuel Fernández Gesto ( estudiante )

Comisión de Asuntos Económicos: Don Rafael Sanz Domínguez ( PDI )

**Punto 11.-** Rogos e preguntas.

O profesor R. Berrocal pregunta polo almacenamento dos residuos tóxicos e perigosos ( responde o Vicerrector de Investigación que se vai construír un almacén específico) e polo reparto da produción científica ( responde o Vicerrector de Investigación que se fará no mes de agosto ).

A profesora Roca pregunta cando se fará efectivo o traslado ó novo edificio de Dereito Económico e roga que se tomen as medidas para que en setembro se ocupe o edificio con normalidade.

O profesor Durany pregunta se foi aplicada correctamente a normativa na aprobación dos cursos de extensión universitaria.

O profesor Pena Rodríguez roga que se informe ó Alcalde de Pontevedra da utilización dos terreos do campus para acampadas.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:00 horas do día 27 de xullo de 2001 da que eu como Secretaria dou fe, co visto e praxe do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo